

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres



A repichoca

Xosé Luís Martínez Pereiro

*Probabelmente as árbores non pensan;
os animais, probabelmente non razooan*
Luigi Pirandello

-Nada, de hoxe non pasa, quero cambiar de home- confesa a profesora de ética á súa compañeira no Seminario de Materias Inservíbeis.

-E logo?

-Tenme farta e non o digo polas tolenas, é que non me deixa respirar! Apenas durmo, ves estas olleiras? A pouco que me distraia tápame o nariz cos dedos dunha man e coa outra méteme un trapo na boca. Deulle por aí ao condenado desde que non o excito e, o que máis me fode, o que me reconcome as gónadas, non é a vixilia permanente, é que a última vez que o intentou dicía que non me queixase tanto, que o trapo viña de lavallo en lixivia. Menos mal que tanta labazada me fixo forte e puider tiralo da cama! Alí quedou, inconsciente.

-A respiración é básica, tes que andar con cen ollos.

-E vinte máis por se falla a centena.

-Si que é unha contrariedade... Quen entende aos homes? E aínda se foses un carozo, pero ti es linda como unha virxe- opina a profesora de estatística afastándolle os cabelos da cara nun xesto que evidencia certa proximidade á confraría da vulva excluín-te, camaradaxe cada vez máis ampla e que se desinteresa do glande con independencia de que ande ou non ande.

-Unha virxe? Esa é outra, non o sabes ben. Vai para un trimestre que non podo achegarme ás súas carnes, parece como se fixese votos de impureza, menos a menda toda canta pendanga anda por aí devora o seu corpo dadivoso, só no meu caso é alérxico á repetición. Do todo pasei á nada.

-Pode que xa non sinta nada por ti.

-Non me fales, precisamente estou estudando a nada e non podo vivir nesta tensión anonadante.

Andrea, a profesora de estatística, quita o sapato dereito e masaxéase os tornocelos. Cansa de esperar pola sacarina bebe un grolo do seu café descafeinado antes de dicirlle que as mulleres nacen para ser tan hermenéuticas como encantadoras, que ela sabe de que pé coxean, que as coñece por activa e por pasiva, que oito de cada nove aparentan domiciliarse na volubidade pero son de ideas fixas. Apañan unha mazaroca e até que a esfolan non paran.

-Ando con medo, sabes? O outro día díxome que tiña acento pailán. Henrique nunca foi así.

-Pasa sempre que acaba o magnetismo, vense os defectos e aparece o síndrome destrutor con algún damnificado- aclara Andrea á vez que bocexa.

-Por que é tan difícil ter unha vida satisfactoria?

-Non me preguntes iso, teño dabondo co meu, a miña veciña Bárbara arde en desexos por min e é tan apaixonada, ten tanto furor uterino, que a última vez que soñou comigo cheiraba a queimado todo o edificio e boa parte dos colindantes. O Presidente da Comunidade de Propietarios marcou unha xuntanza para tratar o tema.

A profesora de ética vaise sen pagar e volve ás aulas, non está para combustións nin para conas bárbaras de comedia, cun chisco de sorte haberá a latada xeral que lle prometeron os delegados e poderá xuntar as pestanas un par de horas. Logo, antes do xantar, pasará pola farmacia a ver se lle dan comprimidos contra a fonética galega e, como chega o tempo, visitará a tenda aquela onde venden nordés envasado ao baleiro, a Henrique encántalle e, quen sabe? Non se perde nada por intentalo, igual senta a cabeza, atopa acomodo e volve a beber os ventos por ela.